



CASA DE ROSALÍA

ESO | GUÍA DIDÁCTICA PARA O PROFESORADO

Tedes na man a Guía didáctica para o profesorado de bacharelato sobre Rosalía de Castro partindo dunha visita á súa Casa, un traballo pensado inicialmente para educadoras e educadores no que se poden atopar materiais para dar a coñecer a nosa escritora máis universal adaptados, neste caso, ao alumnado deste nivel.

Os materiais están pensados para seren utilizados no seu conxunto mais tamén de xeito independente de maneira que cada docente poida botar man daqueles que mellor se adaptan ao seu alumnado e ao tempo dispoñible. De todos os xeitos, recoméndase un traballo en aula mínimo (1 sesión lectiva) antes e despois da visita.

Este material non pretende suplir o material didáctico propio do nivel mais si achegar unha visión máis global e menos academicista de Rosalía de Castro.

En secundaria preténdese que o alumnado, ademais de se achegar á figura de Rosalía de Castro dun xeito emocional, adquira consciencia do valor cultural e tamén do valor patrimonial tanto da casa que vai visitar como dos obxectos nela contidos con especial atención a aqueles relacionados co ámbito literario.

Debemos ter en conta que a etapa de ensino obrigatorio en moitos casos vai ser o último contacto académico que o alumnado teña coa literatura, dende esta perspectiva, resulta moi importante atender á creación do pracer pola lectura e a valoración das autoras e autores da nosa tradición literaria como un ben cultural común que debemos apreciar e protexer.

Esta guía parte da necesidade da Fundación Rosalía de contarmos con material didáctico. Para a súa elaboración contactamos con Pilar Ponte (A Profa), que é a autora da mesma.

Obxectivos

Entre os principais obxectivos que se agardan da utilización deste material e da visita á casa-museo podemos sinalar:

- **Afondar no coñecemento da figura da fundadora das nosas letras tanto no seu aspecto literario como na súa evolución persoal.**
- **Coñecer e interpretar as súas obras principais e os seus trazos característicos.**
- **Recoñecer a admiración que por ela tiveron persoas de todos os tempos.**
- **Vivir a Casa de Rosalía como a súa casa, a casa na que todos os galegos son ben recibidos.**

Queremos que as profesoras e profesores de ESO teñan como un obxectivo **asentar o aprezo por Rosalía e pola súa obra a partir da análise dos seus textos e o recoñecemento de tesouro literario que acubillan.**

Esta intervención didáctica non ten a intención de suplir o material académico senón de ser un complemento que axude a achegar a Rosalía tamén a través dun coñecemento directo do patrimonio material.

1. Materiais que se ofrecen

1.1. Guía de visita para o profesorado de secundaria

Este material está pensado para acompañar a visita didáctica do alumnado á Casa de Rosalía e considérase necesario ou, cando menos conveniente, a dedicación dun tempo de aula antes e despois da visita.

1.1.1. Rosalía de Castro. A Rosalía dos oprimidos

Esta presentación será o documento base da guía. Estrutúrase do seguinte xeito:

- Rosalía de Castro
 - A vida dunha muller singular
 - A casa de Rosalía
 - Oito Moradas de Rosalía de Castro (xogo)
 - Unha obra, para quen?
 - A obra rosaliana (liña do tempo (con información emerxente en cada texto) para viaxar pola obra de Rosalía de Castro
 - *Cantares gallegos* (1863)
 - *Follas Novas* (1880)
 - Os escritos feministas

- Rosalía total
 - Rosalía do pobo
 - Rosalía dos oprimidos
 - Rosalía existencial
- Rosalía no século XXI
- A Rosalía mito
- E ti canto sabes de Rosalía? (xogo)
- Acerta con Rosalía (xogo)
- + Rosalía (outros recursos na rede sobre a autora)

1.1.2. Visitamos a Casa de Rosalía (guía do alumnado)

A guía de estudantes está pensada como un documento de traballo que lle permita ao alumnado o seguimento da presentación.

1.1.3. Oito Moradas de Rosalía de Castro (xogo)

Xogo tipo sopa de letras dixital no cal o alumnado deberá ir adiviñando mediante pistas distintas localidades nas que viviu Rosalía.

1.1.4. E ti canto sabes de Rosalía de Castro? Secundaria (xogo)

Xogo tipo quiz dixital con cinco cuestións

que requirirán ter lido os textos máis significativos de Rosalía para contestar acertadamente.

1.1.5. Rosalía de Castro. Acerta con Rosalía (xogo)

Xogo dixital en que o alumnado deberá ir decidindo se as afirmacións que se ofrecen sobre ela e a súa obra son certas ou falsas.

1.1.7. Escolma de material didáctico complementario sobre a autora e a súa época:

MATERIAIS DE ESTUDO E CREACIÓN

- [Acróstico rosaliano - Aulas Galegas, exemplo de Teresa Iglesias.](#)
- [Esquema sobre Rosalía - Aulas Galegas, ficha de esquema para completar e solución, material de Naír García Abelleira. As Tres Rosalías.](#) Texto de Pepe Barro sobre as principais imaxes de Rosalía.

Materiais que se ofrecen [CONTINUÍA]

MÚSICA

- **Top 9: Rosalía de Castro** - Genially de A.S.S.
- **Listaxe de reprodución do disco Rosalía pequena de Uxía**
- **Rosalía pequena** – Uxía
- **Os Bolechas - As miñas primeiras Letras Galegas: Rosalía de Castro**
- **Día de Rosalía** - Vídeo do CEIP Plurilingüe Bragade de Cesuras
- **Rapazas e rapaces de 4º de Infantil recitan Vendéronlle os bois...**
- **Pasatempos rosalianos** - Aulas Galegas, presentación en PDF, material de Carlos Medrano. Inclúe encrucillado, salto do cabalo, códigos, rebumbio de versos e ata unha sopa de cravo.

VÍDEOS

- **Rosalía de Castro | Draw My Life (versión galego)**. Versión dobrada en galego do vídeo orixinal de Tik Tak Draw realizada polo Colexio San Pío de Ourense.
- **Alumnado de Infantil e Primaria do CPI Antonio Faílde fala sobre Rosalía**
- **Eu son libre. Rosalía de Castro para nenos de infantil e primaria** (Biografía realizada por alumnado de 1º e 2º de primaria do CEIP Juan Rey)

XOGOS

- **A xogar no Día de Rosalía 2022 - Aulas Galegas**, presentación en PDF de Rebe Lemat (@galelingua) con xogos co gallo do Día de Rosalía.
- **Descubriendo a Rosalía de Castro** - breakout en Genially de A.S.S.
- **Día de Rosalía. 24 de febreiro** - breakout en Genially.

- **Xogo de cartas** - Aulas Galegas, material de Naír García Abelleira. “Adiós ríos, adiós fontes”. Aulas Galegas, xogo de observación tipo “Dobble” para traballar o vocabulario do poema realizado por Rocío Fernández.

PRESENTACIÓNS

- **24 de Febreiro Día de Rosalía de Castro** – Genially de @burbullas_de_pt

2. Contexto curricular para a etapa de ESO

Esta proposta didáctica adáptase ao novo currículo do ESO feito público no Proxecto do Decreto 243/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

2.1. Obxectivos da etapa

O material aquí presentado relaciónase cos seguintes obxectivos da etapa de bacharelato:

- a) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- b) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- c) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- d) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- e) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Contexto curricular para a etapa de ESO [CONTINÚA]

2.2. Currículo de Lingua Galega e Literatura

Dentro do currículo propio da materia de Lingua Galega e Literatura I sitúase no ámbito de desenvolvemento do terceiro bloque.

O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgunhas obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona.

Está vinculado co **obxectivo 8**:

OBX 8. Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e

culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.

2.3. Criterios de avaliación

Aínda que hai criterios de avaliación xenéricos en todos os niveis, sinaláranse os de 3º de ESO que é o nivel onde se imparte a docencia sobre Rosalía de Castro especificamente e máis concretamente os que estean directamente vinculados.

CA 3.4. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.

CA 3.5. Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.

CA 3.6. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.

CA 3.7. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.

Contexto curricular para a etapa de ESO [CONTINÚA]

Contido

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).



CASA DE ROSALÍA

A Matanza, s/n.
Padrón

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO

APOIA:



Deputación
DA CORUÑA